

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO ZAMORRA
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA)
Expediente	IN408A 2019/21

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 27/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1779101, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 02/08/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 06/09/2022 e número de rexistro 2022/1780042, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 02/08/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte



INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, segue sendo necesario que se aporte información de aspectos que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación:

- Ao respecto do estudo de *Shadow Flicker*: analízase a influencia por parte do Parque eólico Estivada (do mesmo promotor) sobre os receptores que poderían verse afectados (P1, P2 e P3). No estudo presentado, no apartado nº 5 EVALUCIÓN DE SINERGIAS, avalíase o efecto acumulativo co devandito Parque eólico Estivada, resultando para o "caso realista" os seguintes valores no lugar de San Miguel:

* ID "P2" (UTM - X: 582468; Y: 4740212): 25:32 hh:mm/ano > 8 hh:mm/ano

* ID "P3" (UTM - X: 582417; Y: 4740240): 22:11 hh:mm/ano > 8 hh:mm/ano

No estudo de *Shadow Flicker* presentado polo mesmo promotor ao respecto do Parque eólico Estivada (Expediente IN408A/2019/17) no punto de control G situado no lugar de San Miguel localizado nunha edificación xunto aos puntos receptores P2 e P3 o valor acadado tendo en conta o efecto sinérxicos cos parques próximos é o seguinte:

* ID "G" (UTM - X: 582405,28; Y: 4740253,92): 4:42 hh:mm/ano < 8 hh:mm/ano

debido a considerable diferenza nos valores acadados, solicítase xustificación ao respecto.

Por outra banda, deberá terse en consideración o cambio de posición por parte do aeroxerador ES-05 do Parque eólico Estivada (Expediente IN408A/2019/17) a súa nova situación (coord. X: 583298; Y: 4738482. UTM ETRS89 H29), ao respecto da súa influencia acumulativa nos devanditos receptores (P2 e P3).





En relación ao parpadeo de sombras para "o caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos".

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

- Ao respecto ao *estudo acústico*: os valores acadados na simulación acústica ao respecto do nivel operacional estimado e o nivel acumulado estimado debido a influencia de parque eólicos próximos (Lnoche (dBA)), nos núcleos obxecto de estudo, cumpren os niveis admisibles establecidos pola normativa vixente.

Non obstante, deberá clarificarse a falla de congruencia na correspondencia de valores nos lugares indicados entre as seguintes táboas presentadas:

- ANEXO 04.- ESTUDIO DE RUÍDOS PREOPERACIONAL no apartado 6.6 - *táboa* ao respecto dos niveis de presión sonora obtidos de Índices de ruído en fase preoperacional (LK,n (dBA)).
- ANEXO 05.- SIMULACIÓN ACÚSTICA no apartado 7.3.1 COMPARACIÓN DE LA SITUACIÓN ACÚSTICA PREOPERACIONAL Y OPERACIONAL - *táboa 7* ao respecto dos niveis sonoros en Nivel Actual (Lnoche (dBA)).

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

